



**D. Rafael Carlos Sisto Edreira**  
**Alcalde de Teo**

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Estimado alcalde,

Vaia por diante o meu agradecemento pola vontade de colaboración amosada coa súa resposta á nosa carta do pasado mes de novembro. Celebro a súa satisfacción polo alcance da actuación que o Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria prevé para Teo, cun novo centro de saúde de preto de 2.500 metros cadrados que permita aumentar as consultas de medicina de familia, pediatría e enfermería, crear unha sala de educación sanitaria e dotar á atención primaria de Teo dunha área integral de saúde bucodental.

Mais, como vostede recorda no seu escrito, este proxecto é distinto ao que se formulou noutros tempos e sobre o que se barallou a alternativa da parcela en A Ramallosa. Pretendíase entón unha centralización de toda a atención primaria do concello, desde Calo ata Pontevea, nun único punto, razón pola que imaxino que o goberno local daquel entón pensou nun espazo achegado á casa do Concello.

Neste caso, o proxecto que contempla o Plan de Infraestruturas de Atención Primaria é distinto pois limita a concentración a un novo edificio que absorba os pacientes de dous dos catro actuais centros sanitarios de Teo, concretamente os de Cacheiras e Os Tilos. Neste contexto, aínda coñecendo o antecedente do ofrecemento desa parcela de A Ramallosa, que era a que figuraba nos rexistros do Sergas como dispoñible, semella que poida non ser a máis axeitada para este novo proxecto.

Nas últimas semanas tanto asociacións veciñais como varios grupos políticos que suman unha importante representatividade na corporación municipal fixeron pública a súa oposición a que a veciñanza de Cacheiras e Os Tilos vise a súa asistencia sanitaria desprazada á zona de A Ramallosa.



Desde a Xunta de Galicia entendemos e asumimos esta demanda pois, se ben A Ramallosa podía resultar unha localización céntrica nunha formulación de prestar asistencia á totalidade do termo municipal de Teo, resulta unha localización incómoda para os pacientes dos dous centros que se van fusionar, particularmente para os dos Tilos que verían a súa asistencia sanitaria desprazada a 8 quilómetros do seu actual centro de saúde.

É por iso que desde a Consellería de Sanidade queremos solicitarlle a busca de parcelas alternativas máis accesibles para a veciñanza que se vai ver directamente afectada pola construción deste novo centro de saúde. Cremos necesario que se busque un consenso político e veciñal o máis amplo posible para que unha boa noticia como a posta en marcha dunha nova infraestrutura sanitaria con máis servizos para a poboación non se converta en motivo de conflito político nin de descontento veciñal.

Agardamos, por tanto, contar coa súa colaboración para achegarnos propostas de parcelas da edificabilidade requirida situadas na contorna dos centros de saúde onde reciben agora mesmo asistencia a veciñanza que será adscrita ao novo centro.

Reitero a total posta a disposición desta administración para colaborar na avaliación de cantas alternativas se nos presenten e agardo que comprenda a reflexión expresada nesta carta. Coido que ambas administracións temos un obxectivo común e inicialo sobre unha parcela que é xa motivo de conflito e descontento non nos vai axudar a dotar canto antes á veciñanza de Teo desa nova infraestrutura sanitaria que obxectivamente necesita.

Recibe un cordial saúdo

Julio García Comesaña  
Conselleiro de Sanidade